

**+SECCIONES**

[Portada](#)  
[A Coruña](#)  
[Area Metropolitana](#)  
[Cultura](#)  
[Galicia](#)  
[España](#)  
[Mundo](#)  
[Sociedad](#)  
[Economía](#)  
[Deportes](#)  
[Comunicación](#)  
[Humor](#)  
[Titulares](#)  
[Portada PDF](#)  
[Motor](#)  
[Especial Cortázar](#)  
[Foro Galego do Emprendemento](#)



[descarga en .pdf](#)

**+SERVICIOS**

 [Taxis](#)  
 [Televisión](#)  
 [Horóscopo](#)  
 [Esquelas](#)  
 [Cartelera](#)  
 [Telefonos](#)  
 [Farmacias](#)  
 [Agenda](#)

**+UTILIDADES**

[Buscador](#)  
[Mapa Web](#)  
[Escríbenos](#)

**+PERIODICOS**

[El Ideal Gallego](#)  
[Diario de Arousa](#)  
[Diario de Ferrol](#)  
[Deporte Campeón](#)  
[Diario de Bergantiños](#)

**+MÁS NOTICIAS EN**

[arestorea](#)

**OPINIÓN****A AGRESIÓN DE BOIRO/ POR LUIS ÁLVAREZ POUSA**

Un minuto e trinta e sete segundos. É o que dura a filmación da paliza que un rapaz de quince anos lle propinou en Boiro a outro de catorce. O camarógrafo, outro menor, entrou de cheo nesa revulsiva sesión, e é por el que algunhas televisións abriron telexornais coa imaxe rota do agredido. Non se tratou dunha de tantas pelexas escolares, senón dun premeditado axuste de contas, coreado por unha ducia de espectadores ocasionais, e gravado por quen viu na agresión unha fonte de ingresos, da que se aproveitaría cobrando a dous euros por visión. Escalofriante secuencia, e non menos escalofriante a maneira de rendabilizar un acto de violencia tan repugnante. Sexa en formato doméstico -as imaxes que un aficionado ao vídeo transferiu aos móbiles dos receptores que pagaron por ver-, ou en formato industrial -o efecto multiplicador que esas mesmas imaxes produciron en milleiros de internautas e de televidentes-.

Máis alá do que a lei do menor delimite para encausar situacións deste tipo, que en ningún caso ha significar privación de liberdade, o que nos ha mover a reflexión é o fenómeno da violencia no ámbito escolar, trasunto da que se manifesta de maneira cada vez máis dispersa noutros moitos ámbitos da sociedade. É certo que a violencia é omnipresente. Asoma por todas partes. É un fenómeno complexo enraizado na interacción de moitos factores biolóxicos, sociais, culturais, económicos e políticos. No seu libro Neorbiología de la agresividad, David Huertas estudia algunhas das causas que o poden explicar en parte: o individualismo, a ausencia de solidariedade, a masificación urbana, a contaminación acústica, e a aprendizaxe da violencia por imitación, que se ten detectado sobre todo en casos con protagonistas xuvenís. Pero tamén se ve favorecida pola impunidad e a tolerancia coa que se asumen determinados actos violentos.

A brutal agresión de Boiro responde ben a isto último. É repugnante o ensañamento do agresor coa vítima. Pero non o é menos a secuencia de incitacións coa que o ocasional camarógrafo quixo sarcarlle rendimento á paliza. Ou a reiterada emisión dese minuto de crueldade polas televisións, sempre ávidas de carnaza, transgredindo o dereito que dous menores de idade teñen a que se lles preserve a súa intimidade. E non digamos os do corifeo, compañeiros e compañeiras que lles fixeron corro. Algo moi grave está sucedendo en sociedades como a nosa que, ao tempo que se amosa escandalizada por actos coma este, permite que o utilicen uns e outros a beneficio de inventario.

Información elaborada a partir de fontes propias, Agencia Efe, Europa Press y Agencia Gallega de Noticias

[Imprimir noticia](#) | [Volver](#) | [Enviar noticia](#)

**Ads by Google** View ads about:  »

**El calor invita a los coruñeses a darse el último chapuzón antes del invierno**

La llegada del mes de noviembre ha traído a la ciudad días más soleados de los que ha llegado a haber, incluso, durante los meses de verano. Ayer mismo,...

**LA CONTRAPORTADA: Una economía de mecanismo manual**

Lo bonito de los sistemas económicos es que todos, absolutamente todos, funcionan en la teoría, desde el comunismo hasta el capitalismo. Y todos, de la...